Contactos

Casa da Xuventude

Celso Emilio Ferreiro 27, 32005 Ourense (Galicia, Spain)

Tel. 988 228500 • Fax (+34) 988 249930

Correo electrónico: casaxou@teleline.es

Sitio *Web*: http://xornadas-bd.go.to

Organizan

Patrocinan

DELEGACION PROVINCIAL DA CONSELLARÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Cultura

Colaboran

Cineclube Padre Feijoo/Federación de Cineclubes de Galicia, Bedeteca de Lisboa, Deputación Provincial de Lugo, Ediciones Sinse Ntido, Edicións Xerais, Edições Witloof, Elemental Films, Federación de Libreiros de Ourense, Festival «Viñetas desde o Atlántico»/Concello da Coruña, Limaía Producciónes, Livraria Torga, Mazinger, Museo Municipal, Under Cómic.

XORNADAS DE BANDA DESEÑADA

PROGRAMA

Actividades

Inauguración. Premios Ourense de Banda Deseñada

No transcurso da inauguración das XII Xornadas, farase entrega dos premios do I Concurso Galego de Imaxe Artística (modalidade Banda Deseñada) e dos Premios Ourense de BD. Con estes últimos distínguense, por unha parte, as mellores iniciativas e personalidades da BD en Galicia, e por outra os mellores autores noveis galegos. Os premiados este ano son a edición de *Aventura no Camiño de Santiago*, de Primitivo Marcos, a cargo da Deputación de Lugo, na primeira categoría; e David Rubín Miguélez, na segunda. Ambos premios están dotados cunha estatuíña deseñada expresamente para a ocasión cada ano polo artista plástico ourensán Manolo Figueiras.

Na Casa da Xuventude e no Museo Municipal, o 29 de setembro a partir das 12,30 h.

Cinema e BD

Proxección de dous filmes relacionados estreitamente coa banda deseñada. Coa colaboración do Cineclube Padre Feijoo.

· ***Perfect Blue*** Xapón, 1997. Cor, 84 min.
Estrea en Galicia da longametraxe de animación realizada polo director e autor de BD xaponés Satoshi Kon, supervisada por Katsuhiro Otomo —ambos responsables doutros títulos imprescindibles como *Akira*, *Roujin Z* ou *Memories*—. Roger Corman dixo dela: «Se Alfred Hitchcock se houbese asociado con Walt Disney, terían feito unha película coma esta». Proxección cinematográfica en 35 mm. Non recomendada a menores de 13 anos.

· ***Supermaño*** (España, 1999. Cor, 10 min.), de Alberto Calvo. Película de animación sobre o personaxe de BD creado por Alberto Calvo. Coa colaboración de Elemental Films. Proxección cinematográfica en 35 mm.

No salón de actos da Casa da Cultura (Biblioteca Pública), o xoves 5 de outubro, ás 20,30 e ás 23 h.

Presentacións, charlas e mesas redondas

Actividades abertas a todo o público interesado.

Sábado 30, na Casa da Xuventude, desde as 11 h.

· **Encontro de Fanzines:** novos proxectos e inquedanzas dos fanzineiros de Galicia.

· **Presentación de Edições Witloof**, nova editorial portuguesa especializada na BD belga. Coa presencia da editora Fanny Denayer e de Ricardo Ferrand, autor de *A verdadeira história de Jota Cristo*.

· **Presentación da curtametraxe *Supermaño***, de Alberto Calvo, coa presencia do autor.

Venres 6, Livraria Torga, ás 20,00 h.

· **Presentación do álbum *Cita na Habana***, de Fran Jaraba, coa presencia do autor e de Manuel Bragado, editor.

Sábado 7, Livaria Torga, a partir das 11 h.

· **Presentación de *Ustedes Perdonen***, os dous volumes de Xulio Daspastoras editados por Ediciones Sinse Ntido, coa presencia do autor e do editor, Jesús Moreno.

· **Presentación de *Raúl y Andrea – A la fuerza ahorcan***, de José Luis Ágreda e Gomaespuma. Coa presencia de José Luis Ágreda.

· **Presentación de *La Historia del Blues***, coa presencia dun dos seus autores, Javier Olivares.

Mercadiño

Tódalas novidades editoriais, así como clásicos de sempre do mundo do cómic. Organizado pola Federación de Libeiros de Ourense. Tamén haberá BD nas librerías Torga (galego e portugués), Eixo, Mazinger e Salgueiro (novidades) e Panoramix (segunda man e ocasión).

No primeiro andar da Casa da Xuventude.

Publicacións

***O Fanzine das Xornadas* número 7**. Con toda a información sobre as XII Xornadas a través de diversos artigos, incluíndo tamén cómics galegos e de novos autores internacionais. Á venda por 100 ptas. no mercadiño e nas librerías sinaladas enriba.

· **Catálogo do I Certame Galego de Imaxe Artística, modalidade Banda Deseñada**. Edición cos traballos gañadores do certame. Gratuíto.

· **Catálogo da *Expofanzines 1999/2000***. Guía dos fanzines da Fanzinoteca da Casa da Xuventude, con tódalas novidades.

· **Cartel das Xornadas**. A cargo de Suso Sanmartín, Premio Ourense de BD 1999 ó mellor autor afeccionado.